



Clasificación

Reino Animalia
Filum Chordata
Clase Ascidiacea

Orde Stolidobranchia
Familia Styelidae

Descrición

Ascidia solitaria, aínda que pode darse en densos agregados, que pode alcanzar unha lonxitude de 12 centímetros por 2 centímetros de diámetro. O seu corpo ten forma de saco cilíndrico alongado, que se aguza cara á súa parte inferior onde presenta un robusto pedúnculo, esvelto e duro, que na súa parte inferior se estende nunha placa duns 25 milímetros de diámetro fixa ao substrato. A súa túnica é correúda, corrugada e desigual; normalmente na súa parte superior presenta moitas protuberancias redondeadas e cantos irregulares, mentres que na metade inferior presenta pregaduras lonxitudinais que se prolongan polo pedúnculo. Na súa parte superior ten dous sifóns, moi curtos e próximos entre si, con catro lóbulos cada un deles. A cor da túnica pode ser parda abrancazada, parda avermellada ou amarelenta, con catro raias lonxitudinais de cor crema ou púrpura, alternadas con catro raias pálidas, nos sifóns.

Hábitat e Bioloxía

Desde o límite inferior da baixamar ata os 25 metros de profundidade, en augas abrigadas colonizando todo tipo de substrato duro, incluídos fondos rochosos, pedras, infraestruturas portuarias, cascós de embarcacións, sobre outros animais sésiles como gorgonias ou bivalvos e incluso ocasionalmente sobre algas. Resiste amplas variacións de salinidade e temperatura. Como forma de defenderse dos seus depredadores segregan ácido sulfúrico e acumulan vanadio, un metal pesado tóxico.



Especies semellantes

A súa forma pedunculada, tacto correúdo e túnica grosa e engurrada, fana facilmente recoñecible, aínda que ás veces estas características poden quedar enmascaradas ao estar frecuentemente recuberta por outros organismos como algas, esponxas, hidrozooos, briozoos e incluso outras ascidias, solitarias e coloniais.

Distribución

En Europa está presente en toda a costa atlántica.



Curiosidades

O nome da especie, *clava*, é un epíteto latino que significa 'maza', 'porra', 'garrote' e refírese ao seu aspecto.

É unha especie exótica, orixinaria do pacífico e introducida nas augas europeas polos barcos, ben nos seus cascos ou na auga dos seus tanques de lastre.